

Concurso de ideas GALICIA E AS CIENCIAS DO MAR 07: BASES

1 – ANTECEDENTES

O Centro Tecnológico do Mar-Fundación CETMAR desexa propor unha serie de actividades destinadas a divulgar o coñecemento e as aplicacións desta ciencia no medio mariño, encadradas no programa de Divulgación científica DIVERCIENCIA (Actividade financiada pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia; Incluída no marco do Programa de Comunicación e Sensibilización Social (CSS) do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (INCITE).

A este fin, convócase **Galicia e as Ciencias do Mar**, un concurso de experimentos e demostracións, que organiza o Centro Tecnológico do Mar-Fundación CETMAR.

2 – OBXECTIVOS

En consonancia coa filosofía da Semana da Ciencia e Tecnoloxía, que pretende achegar a ciencia á cidadanía e mellorar a cultura científica, o concurso está dirixido aos estudantes e docentes de centros de ensino primario, secundario, bacharelato e Formación Profesional da Comunidade Autónoma de Galicia. Deste xeito, preténdese que os experimentos a concurso teñan un carácter didáctico e poidan ser posteriormente incluídos polos participantes no seu proxecto formativo.

3 – DESTINATARIOS

O concurso está aberto a grupos de tres estudantes capitaneados por un docente, pertencentes aos centros de ensino primario e secundario da Comunidade Autónoma de Galicia.

4 – MODALIDADES

Establécense dúas categorías:

1. Educación Primaria. Os traballos deberán ser realizados por grupos de tres estudantes de Educación Primaria, con apoio dun docente.
2. Educación Secundaria +. Os traballos deberán ser realizados por grupos de tres estudantes de Educación Secundaria, Bacharelato ou FP, apoiados por un docente.

5 – CARACTERÍSTICAS DOS PROXECTOS

Poderase presentar calquera traballo experimental no que se poña de manifesto, a nivel cualitativo e/ou cuantitativo a aplicación das ciencias no medio mariño.

Non é imprescindible que sexan ideas inéditas, aínda que se valorará a súa orixinalidade, interese didáctico e claridade coa que se transmitan os principios nos que se fundamenta o experimento. De igual maneira se valorará o feito de que os experimentos empreguen material de refugallo ou reciclado, que causen o mínimo

impacto ambiental, e utilicen materiais que non resulten perigosos na súa manipulación.

Admitiránse tanto experiencias prácticas relacionadas co medio mariño en calquera dos seus ámbitos (bioloxía, oceanografía, xeoloxía,...), como traballos experimentais, presentados ben en formato audiovisual (vídeo, soportes informáticos,...) ou susceptibles de reproducir nos laboratorios dos centros de ensino.

No caso dos experimentos é preciso que os participantes realicen a súa idea e a poñan en práctica. É importante que os participantes sexan capaces de reproducir o seu proxecto e explicar os principios nos que se fundamenta, así como a súa utilidade.

Cada participante poderá presentarse en tantos grupos como desexe, e cada grupo poderá participar con mais dun proxecto.

5- FASES DO CONCURSO

FASE 1. INSCRIPCIÓN

Os participantes deberán inscribirse antes do día 18 de abril a través do formulario de inscrición que se atopa na páxina www.galiciaeascienciasdomar.org ao que deberán adxuntar a memoria do traballo.

Tamén se admitirán inscricións realizadas enviando unha mensaxe de correo electrónico ao enderezo formacion@cetmar.org indicando como asunto: *Concurso Galicia e as Ciencias do Mar*, sempre que adxunten a solicitude de participación cuberta (modelo anexo ás bases) e a memoria do traballo.

No caso de proxectos con soporte audiovisual, ou que polas súas características non poidan ser remitidos por correo electrónico, a inscrición deberá efectuarse cubrindo o formulario de inscrición da web e enviando a memoria e soporte do traballo por correo certificado con acuse de recibo, ao seguinte enderezo:

REFERENCIA: CONCURSO GALICIA E AS CIENCIAS DO MAR

CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR-FUNDACIÓN CETMAR

Rúa Eduardo Cabello s/n Bouzas

36208 Vigo

A memoria do proxecto deberá incluír, como mínimo, os seguintes apartados:

- Título do proxecto
- Nome do equipo
- Categoría: Primaria / Secundaria +
- Obxectivos
- Materiais necesarios para o seu desenvolvemento, no seu caso.
- Descrición polo miúdo do procedemento.
- Bibliografía de apoio.
- En caso de presentacións, ademáis deberán indicarse os medios técnicos (tanto equipos como programas) precisos para o seu visionado.

Os participantes recibirán un acuse de recibo da súa inscrición.

FASE 2. SELECCIÓN DE PROXECTOS

As propostas serán valoradas por un xurado composto por investigadores, especialistas en materia de divulgación científica, e especialistas en formación. A selección de especialistas se realizará en función das propostas recibidas, e se publicará neste apartado da web antes do final de abril de 2008.

Os concursantes seleccionados participarán na terceira fase da actividade.

Antes do 15 de maio comunicárase por correo electrónico aos participantes inscritos a lista de proxectos seleccionados. Esta lista tamén será publicada no apartado GANADORES dentro da páxina web www.galiciaeascienciasdomar.org. Os autores dos traballos seleccionados estarán invitados a unha xuntanza de ideas onde recibirán os premios.

FASE 3. XUNTANZA DE IDEAS

Os concursantes seleccionados participarán nunha **Xuntanza de Ideas** que se realizará durante os días 31 de maio e 1 de xuño na Estación de Biología Mariña de A Graña (Ferrol), onde exporán os seus traballos que, no caso de demostracións e experimentos serán reproducidos polos seus compañeiros.

O programa provisional da xuntanza é o seguinte:

Xornada 1. 31 de maio. Categoría: Educación Primaria.

- 9:30-10:00 Recepción dos asistentes e entrega de documentación.
- 10:00-10:30 Presentación do Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR, e do Programa Diverciencia.
- 10:30 -11:00 Reproducción dos ensaios seleccionados.
- 11:00-11:30 Pausa café.
- 11:30-13:30 Reproducción dos ensaios seleccionados.
- 13:30 -14:00 Selección do traballo ganador
- 14:00 Comida de despedida

Xornada 2. 1 de xuño.

- 9:30-10:00 Recepción dos asistentes e entrega de documentación.
- 10:00-10:30 Presentación do Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR, e do Programa Diverciencia.
- 10:30 -11:00 Reproducción dos ensaios seleccionados.
- 11:00-11:30 Pausa café.
- 11:30-13:30 Reproducción dos ensaios seleccionados.
- 13:30 -14:00 Selección do traballo ganador
- 14:00 Comida de despedida

6- PREMIOS

Serán premiados dous proxectos dentro de cada unha das categorías.

Os participantes na **Xuntanza de Ideas** de A Graña seleccionarán o traballo que mellor reflicta os obxectivos e filosofía do concurso, nas dúas categorías.

Os autor/es dos proxectos premiados recibirán cadanseu equipo de son MP3, e terán a oportunidade de participar na gravación do programa de radio da RTVG *Efervesciencia*.

Os traballos seleccionados serán difundidos polo Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar. Os autores poderán facer uso dos traballos para a súa presentación a outras convocatorias, publicación e difusión, previa comunicación ó CETMAR na dirección formacion@cetmar.org. En caso de que o material se edite ou utilice posteriormente, deberá citarse que foi seleccionado entre as mellores propostas do Concurso "Galicia e as ciencias do Mar" organizado polo Centro Tecnolóxico do Mar dentro das actividades da Semana da Ciencia 2007.

7- NORMAS XERAIS

A participación no concurso implica a aceptación destas bases, así como o consentimento para a utilización e difusión das ideas e proxectos participantes por parte do Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar.

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN DE PROXECTO

- a. Título do proxecto
 - b. Nome do Centro de Ensino
 - c. Dirección
 - d. Localidade
 - e. CP
 - f. Provincia
 - g. Categoría: Secundaria ou Primaria
- Nome do equipo: (Debe figurar na memoria do proxecto):
 - Nome e ano de nacemento dos participantes (non pode figurar na memoria):
 - Profesor:
 - Nome e Apelidos:
 - DNI:
 - Ano de nacemento:
 - Teléfono de contacto
 - Correo electrónico:
 - Alumno 1:
 - Nome e Apelidos:
 - Ano de nacemento:
 - Alumno 2:
 - Nome e Apelidos:
 - Ano de nacemento:
 - Alumno 3:
 - Nome e Apelidos:
 - Ano de nacemento: